

DECRETO DA ALCALDÍA 542/09
Expte. RE-1/2009

Visto que mediante Decreto da Alcaldía 507/09 de 16/10/09 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de "Pavimentación vias municipais: Luzenza (Sta. Cristina de Cobres), Castenlo (Acuña-Vilaboa), Pousada (San Adrián), Areeiros (Sta. Cristina de Cobres), Canabal-Castroverde (Figueirido), Casaldesanta ", correspondentes ao PPC-2009 por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 22/10/2009 recabouse informe técnico incorporado ao efecto, no que se emite proposta de adxudicación a favor da empresa "EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L."

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar as competencias delgadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Declarar válido o acto de licitación.

TERCEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de "Pavimentación vias municipais: Luzenza (Sta. Cristina de Cobres), Castenlo (Acuña-Vilaboa), Pousada (San Adrián), Areeiros (Sta. Cristina de Cobres), Canabal-Castroverde (Figueirido), Casaldesanta ", correspondentes ao PPC - 2009 por importe de 61.186,47 €(8.439,51 €de IVE) e un prazo de execución de dous meses, á empresa "Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L." de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

CARTO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.

QUINTO. Notificar e requirir a "Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.", adxudicatario provisional do contrato, para que constitúa, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa a garantía definitiva do contrato que ascende a 2637,35 €

SEXTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa.

SETIMO Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día

seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 22 de outubro de 2009
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez